



PLAN DIXITAL

IES A Xunqueira 1

8 de xuño de 2022

Índice do Plan Dixital

1 Introdución

- 1.1 Datos básicos do centro
- 1.2 Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3 Breve xustificación do mesmo
- 1.4 Proceso de elaboración

2 Situación de partida

- 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3 Análise DAFO

3 Plan de Acción

- 3.1 Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4 Avaliación do PD

- 4.1 Seguimento do Plan de Acción
- 4.2 Propostas de mellora (revisión)

5 Difusión do PD

1 Introducción

1.1 Datos básicos do centro

Expoñemos a continuación os datos básicos do noso centro.

- ✓ IES A Xunqueira 1
- ✓ Dirección: Rúa Alexandre Bóveda. 36005 Pontevedra
- ✓ Teléfono: 886159721
- ✓ ies.xunqueira.1@edu.xunta.es
- ✓ <http://www.iesxunqueira1.com>
- ✓ Etapas educativas: ESO, Bacharelato e Ciclo Formativo de Laboratorio
- ✓ 629 alumnos/as
- ✓ 61 profesores/as

1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Indicamos os seguintes aspectos:

- ✓ **Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro:** Polas súas características xeográficas e sociais, pode incluírse na categoría de “centros de carácter periférico mixto”, é dicir, está situado nun ensanche escolar da cidade próximo ao mundo rural circundante. Na súa orixe, estaba destinado a dar abeiro ao excedente de poboación escolar de bacharelato dos últimos anos setenta e, coa súa creación, rompeuse a dicotomía tradicional representada polos institutos “masculino” e “feminino” da cidade. Co paso do tempo, adquiriu un carácter “rural-urbano” polas características do seu alumnado, procedente
 - nun sesenta por cento das parroquias rurais do municipio e das áreas rurais da periferia;
 - nun trinta por cento, da área suburbana de Pontevedra
 - nun dez por cento, das áreas residenciais da cidade, que posúen un nivel socioeconómico distinto ao das áreas anteriores.

O centro responde a un entorno socioeconómico e cultural medio (fundamentalmente medio-baixo), no que predominan as familias con estudos primarios e pertencentes a un medio rural próximo ao Instituto (a maioría do alumnado utiliza transporte para asistir ás clases.)

Atendendo ás profesións dos pais e das nais, predominan os/as dedicados/as a profesións do ámbito manual-asalariado; abonda menos o funcionariado e só unha pequena cantidade de profesionais liberais. É de subliñar a elevada porcentaxe de nais que son amas de casa.

Polo que atinxe ao alumnado, reciben das familias o apoio e os medios para a súa formación e estudos.

- ✓ **Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo:** O Plan Dixital vincularase ao Proxecto Educativo do IES A Xunqueira 1 dentro do apartado Obxectivos Xerais do Centro.
O Plan Dixital está relacionado co Proxecto de “Polos Creativos” solicitado para o curso 2022-2023.
- ✓ **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23:** Todos os obxectivos do Plan de Acción deste Plan Dixital incorporaranse á Programación Xeral Anual do curso 2022-2023

1.3 Breve xustificación do mesmo

Neste apartado indicamos a contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- ✓ Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- ✓ Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- ✓ Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- ✓ Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4 Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do Plan Dixital do noso centro é o resultado de reunións periódicas de profesores/as de diferentes materias e implicados coas Tecnoloxías. Ditas reunións cabe destacar que e fixeron nos recreos.

Consideramos que é moi importante a pertenza a diferentes materias e a diferentes formas de pensar, porque desta forma o aporte de ideas é maior e máis enriquecedor.

Realizamos “choiva de ideas” ou brainstorming.

Analizamos os diferentes obxectivos propostos para o Plan de Accións de forma minuciosa e detallada.

En case todas as reunións de Claustro, que se fixeron neste curso escolar 2021-2022, o equipo TIC informou ao resto do profesorado das diferentes fases deste Plan Dixital.

2 Situación de partida

2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Explicamos moi brevemente, a continuación, os seguintes aspectos:

- **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:**
 - Tipo de conexión a Internet: alta velocidade
 - Redes cableadas: Hai redes cableadas por todo o Centro.
 - Indicaremos neste apartado que a velocidade da Intranet é boa, pero a velocidade de internet fóra da Intranet ten velocidades baixas. Dita incidencia foi posta en coñecemento da UAC, por parte dos técnicos informáticos da UAC. Aínda que a día de hoxe non foi resolta.
 - Rede WiFi: o centro dispón de puntos de emisión WiFi ca rede edu.xunta.es que emprega o profesorado. Funcionan perfectamente dende a súa instalación a mediados deste curso 2021-2022.
- **Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:**
 - **Aulas dixitalizadas:**
 - Aulas ordinarias: 26 aulas dixitalizadas (EDI + portátil de máis de 5 anos) Non existe ningún portátil nas aulas dixitalizadas que teñan menos de 5 anos. Titularidade: AMTEGA
 - Aulas específicas: 2 aulas dixitalizadas (EDI + portátil de máis de 5 anos) Non existe ningún portátil nas aulas específicas dixitalizadas que teñan menos de 5 anos. Titularidade: AMTEGA
 - **Proxecto E-Dixgal:** solicitarase para o próximo curso escolar 2022-2023 para implantar na ESO.
 - **Equipos de xestión e administración:** 15 ordenadores de máis de 5 anos, 4 impresoras fotocopiadoras e 3 impresoras.
 - **Uso na biblioteca:** hai un equipo de sobremesa, un ordenador portátil, un proxector e 11 NComputings conectados a un servidor. Estes terminais están dando moitos problemas durante este curso.

- **Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos:** 4 ordenadores de sobremesa doados por Correos fai 14 anos. 1 Impresora fotocopiadora. Sen contabilizar os ordenadores que forman parte dos diferentes Departamentos. Indicar unicamente que estes equipos foron doazóns de Correos e de Bancos e que teñen unha vida de máis de 14 anos, polo que se fai moi difícil traballar con eles.
- **Equipos ultraportátiles para aula móbil:** 50 portátiles enviados pola Consellería Educativa na pandemia pola “Fenda Dixital”. Moitos deles foron cedidos ao alumnado que non dispón de dispositivo portátil na súa casa. O resto se instalaron nas Aulas de 2ºPMAR, 3ºPMAR e no Taller de Tecnoloxía Bacharelato. Non dispoñemos de armarios de carga. Non dispoñemos de Aula móbil.
- **Aulas de informática:** dispoñemos de 2 aulas de informática para un centro de 600 alumnos.
 - A Aula de Informática 1 dispón de 29 equipos de máis de 14 anos, que non son de AMTEGA, foron cedidos por Correos. Son equipos moi vellos e obsoletos onde se fai moi difícil dar clase, a pesar de que lles cambiamos a SSD256. As pantallas destes equipos tamén son moi vellas e foron doazóns.
 - A segunda Aula de Informática ten 24 equipos, 16 torres son de AMTEGA (de máis de 5 anos) e o resto teñan máis de 14 anos e proceden de donacións de Correos e de Bancos. Funcionan moi mal e están dando problemas todo o tempo.
 - **É importante destacar que é moi difícil traballar nas aulas de informática sen que os equipos fallen. Consideramos que deberían ser retirados porque teñen máis de 14 anos e que o alumnado merece ter unhas condicións dignas de traballo. Que o alumnado traballe con equipos de máis de 14 anos nos parece indigno porque é realmente complicado. Os noso alumnos e as nosas alumnas merecen ter ordenadores novos cos que traballar en condicións aceptables.**
- **Dotacións para proxectos específicos:** Non temos dotacións para Proxectos específicos, aínda que solicitamos o proxecto “Polos creativos” para este curso 2022-2023 e esperamos a dotación se resulta admitido e aprobado o noso proxecto.
- **Servizos dixitais educativos:** os servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente que empregamos son os seguintes:

- Páxina web do centro: <http://www.iesxunqueira1.com> Actualízase de forma periódica (encárgase o Secretario do Centro: José Manuel Ramos González).
- Aula virtual: é un espazo moi empregado tanto polo alumnado como polo profesorado de todos os niveis educativos e de todas as materias. Ten sobre 400 cursos creados.
- E-Dixgal: solicitarémolo para o curso 2022-2023
- EspazoAbalar: dispoñemos deste espazo pero soamente 2 profesoras o empregaron neste curso académico 2021-2022. O curso 2022-2023 será empregado por todo o profesorado do Centro.
- Abalarmóbil: Actualmente non se emprega no Centro pero para o cursos 2022-2023 será empregado polo profesorado. É destacable indicar que a maioría dos pais e nais do centro si dispoñen de abalarmóbil, debido a que o empregaban cando os seus fillos e fillas estaban no colexio.
- **Xestión do mantemento do equipamento do centro: facémola un equipo TIC formado por:**
 - Coordinadora TIC (Sonia González López: 4 horas de adicación no seu horario)
 - O profesor de Educación Física (Luis Rascado Iglesias: 0 horas de adicación no seu horario)
 - A profesora de Tecnoloxía (Mónica Tortajada Bermúdez: 0 horas de adicación no seu horario).
 - En definitiva o profesorado que forma o Equipo TIC adica moitas horas á semana fóra do seu horario para facer a xestión do mantemento do equipamento do Centro. Algo que consideramos inaceptable e inviable no tempo. Non podemos xestionar un centro con 157 equipos con 4 horas de adicación á semana. Traballamos ata en vacacións (Nadal, Semana Santa, Entroido) porque é cando conseguimos que os técnicos da UAC veñan facer un mantemento preventivo dos equipos. Traballamos moitas tardes fóra do noso horario. Consideramos que é inxusto ter esta carga de traballo sobre as nosas costas. Estamos esgotados, estresados e desanimados porque as incidencias aparecen cada día e non sempre se resollen en pouco tempo.
- **Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC**

- Plan de integración das TICS: está na páxina web do instituto https://drive.google.com/file/d/1ffjxN1TLz_-T3d3bcYOAsVk7_JSuokGL/view
- Protocolo de acoso e ciberacoso: está na páxina web do instituto <https://drive.google.com/file/d/17ejvtOdL1cAFthsegkONH4B1S7npWm67/view>
- Plan Xeral Anual. Plan de Integración das TIC. Concreción Anual Abalar/edixgal. (páxina 38): <https://drive.google.com/file/d/1DM7utWc93gaTaP-ImjWE1iGMldIQP0Ox/view>

2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Tendo en conta a Autoavaliación SELFIE: incluímos a información do resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A - Liderado	Equipo Direct.	x	2,3	2,7	2,4	x
	Profesorado	x	3	3,3	2,9	x
	Alumnado	x				x
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	x	2	2,2	2,3	x
	Profesorado	x	2,7	2,7	3	x
	Alumnado	x	2,3	2,4	2,9	x
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	x	2,9	3,2	3	x
	Profesorado	x	2,5	2,8	2,5	x
	Alumnado	x	2,7	2,9	2,4	x
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	x	3,5	3,6	3,3	x
	Profesorado	x	3,3	3,2	3,1	x
	Alumnado	x				x
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	x	3,1	3,1	3,1	x
	Profesorado	x	3,6	3,7	3,6	x
	Alumnado	x	3,4	3,7	3,4	x
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	x	2,5	2,3	2,5	x
	Profesorado	x	3,3	3,2	3,7	x
	Alumnado	x	2,8	2,9	2,7	x
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	x	2,5	2,1	2,4	x
	Profesorado	x	2,9	2,5	2,9	x
	Alumnado	x	2,4	2,2	2,8	x
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	x	2,4	2,6	2,7	x
	Profesorado	x	3,1	3,3	3,2	x
	Alumnado	x	2,7	2,7	2,9	x

Test CDD: Incluimos a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro, con data 7 de marzo de 2022.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	24	43	55,8%
PROVISIONAL	4	5	80%
INTERINO	5	12	41,7%
SUBSTITUTO	4	10	40%
DESPRAZADO	0	2	0%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
69,2	Integrador/a (B1)	76,5	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	<u>69,2</u>	Integrador/a (B1)	<u>79,3</u>	Integrador/a (B1)
BAC	<u>65,2</u>	Integrador/a (B1)	<u>77,9</u>	Integrador/a (B1)
F.P	<u>90</u>	Integrador/a (B1)	<u>80,3</u>	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	<u>5,4%</u>
A2	<u>15</u>	<u>40,5%</u>
B1	<u>14</u>	<u>37,8%</u>
B2	<u>5</u>	<u>13,5%</u>
C1	<u>1</u>	<u>2,7%</u>
C2	0	0%
TOTAL	<u>37</u>	<u>99,90%</u>

2.3 Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e dos resultados do Test de Competencias Dixitais (TCDD) e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Bo acceso a Internet (C3) Existencia de Dispositivos Dixitais para o profesorado (C2)	A infraestrutura dixital é obsoleta e non está actualizada (C1) A asistencia técnica e insuficiente (C5) Carecemos de espazos físicos que faciliten o ensino con tecnoloxías dixitais (C14) Non hai dispositivos portátiles para o alumnado (C10)
	PERSOAL DOCENTE	Suficiente participación do profesorado no DPC (D2) Suficiente busca do profesorado de recursos en Internet (E1) A comunidade educativa emprega tecnoloxías dixitais (E4) Sí se empregan recursos dixitais abertos (E5)	Falta de tempo para explorar o ensino con tecnoloxías dixitais (A4)
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	O alumnado aprende a comunicarse empregando tecnoloxías dixitais (H8) O alumnado considera que o seu comportamento é seguro en Internet (H1)	As competencias dixitais do alumnado son deficientes. O alumnado non aprende a comunicarse usando tecnoloxías dixitais (H8) O alumnado non aprende a crear contidos dixitais (H7) O alumnado non emprega a tecnoloxía en diferentes materias (H10)
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	O Equipo Directivo apoia ao profesorado a explorar novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais (A3)	Non existe unha estratexia dixital (A1) Non hai unha avaliación con tecnoloxías dixitais (B1) Non existe colaboración con outros centros (B4)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Financiamento europeo	A administración non aporta equipamento informático novo. Achegas económicas insuficientes que recibe o centro.
	LEXISLACIÓN	Modificacións na lexislación	Inexistencia dunha lexislación que nos dote dunha infraestrutura dixital axeitada e modernizada.
	CONTORNA		
	ANPA	A ANPA dalle importancia e considera unha necesidade a renovación de equipos informáticos moi obsoletos no centro. As nais e pais están preocupados pola formación dixital dos seus fillos e fillas.	Mal acceso do alumnado a equipos fóra do centro educativo.
	OUTRAS ENTIDADES		

3 Plan de Acción

Neste Plan de Acción tivemos en conta os recursos dos que dispoñemos na actualidade no Centro.

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Expoñemos a continuación os obxectivos propostos no noso Plan Dixital, así como os indicadores propostos e as accións a desenvolver.

Área/s de mellora": LIDERADO (A)						
1. OBXECTIVO:	Mellorar a comunicación entre os titores, o profesorado (e o instituto) e as familias mediante o uso da ferramenta Espazo Abalar				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinación PDC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de titores que realizan as comunicacións ás familias a través de AbalarPro. (Instrumento: enquisa)					
Valor de partida	0% dos titores					
Valor previsto e data	80% dos titores			30/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Instalar a app Abalar móbil nos dispositivos móbiles das familias	Coordinadora PDC Familias	20/12/2022	App Abalar móbil		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Comunicar, por parte do centro, as novas por Abalar móbil ás familias.	Equipo Directivo Coordinadora PDC	30/6/2023	Abalar móbil		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Comunicar as novas por Abalar móbil por parte dos titores/as ás familias	Titores/as	30/6/2023	Abalar móbil		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Formar ao profesorado no emprego de AbalarPro	Coordinadora PDC	20/12/2022	Curso creado na Aula Virtual do Centro Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A01.5: Formar ás familias no emprego da aplicación de Abalar	Coordinadora PDC	20/12/2022	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: LIDERADO (A)						
2. OBXECTIVO:	Mellorar a comunicación entre os titores e o profesorado do Centro mediante o uso da ferramenta AbalarPro				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinación PDC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de profesores/as que realizan as comunicacións a través de AbalarPro. (Instrumento: enquisa)					
Valor de partida	0% do profesorado					
Valor previsto e data	80% do profesorado			30/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Comunicar, por parte do Centro, as novas por AbalarPro	Coordinadora PDC	30/6/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Comunicar as novas por AbalarPro entre profesorado	Profesorado Coordinadora PDC	30/6/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: COLABORACIÓN E REDES (B)							
3, OBXECTIVO:	Crear un banco de documentos do centro na Aula Virtual					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinación PDC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de documentos do Centro subidos á Aula Virtual						
Valor de partida	Non existe un banco de documentos						
Valor previsto e data	30 documentos do centro subidos á Aula Virtual				30/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO3.1: Crear un curso na Aula Virtual	Coordinación PDC	20/12/2022	Aula Virtual			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO3.2: Crear un banco de documentos do Centro na Aula Virtual	Coordinación PDC	30/6/2023	Aula Virtual			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO3.3: Actualizar o Banco de documentos	Coordinación PDC	30/6/2023	Aula Virtual			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

“Área/s de mellora”: COLABORACIÓN E REDES (B)							
4. OBXECTIVO:	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital					Acadado	
RESPONSABLE:	Vicedirección/orientadora					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de colaboracións con outras entidades (Instrumento: memoria anual)						
Valor de partida	0 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros)						
Valor previsto e data	4 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros)				30/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO4.1: Solicitar as charlas do Plan Director da Garda Civil e Policía Nacional sobre “Novas Tecnoloxías”	Vicedirección Coordinación PDC	30/6/2023				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO4.2: Contactar con entidades para charlas	Vicedirección Coordinación PDC	30/6/2023				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO4.3: Realizar un proxecto de investigación e construción dun prototipo de rover en Marte coa Escola de Enxeñaría Aeroespacial da	Escola de Enxeñaría Aeroespacial. Universidade de Vigo	30/6/2023	Polos creativos			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

<p>Universidade de Vigo (dentro de Polos creativos)</p>							
<p>ACTIVIDADES Realizar un proxecto de investigación e diseño dun mapa topográfico dun espazo de Marte coa Escola de Enxeñaría Forestal da Universidade de Vigo (dentro de Polos creativos)</p>	<p>Escola de Enxeñaría Forestal. Universidade de Vigo.</p>	<p>30/6/2023</p>	<p>Polos creativos</p>		<p>Realizada</p>		
						<p>Aprazada</p>	
						<p>Pendente</p>	

“Área/s de mellora”: INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTO (C)							
5. OBXECTIVO:	Equipar con equipos novos as aulas de informática					Acadado	
RESPONSABLE:	Consellería de Educación					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de equipos moi obsoletos, de máis de 14 anos, nas Aulas de Informática						
Valor de partida	O 73% dos ordenadores das 2 aulas de Informática teñen máis de 14 anos.						
Valor previsto e data	O 0% dos ordenadores das 2 aulas de Informática teñen máis de 14 anos. Precisaríamos 45 equipos				20/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A05.1: Solicitar equipamento	Consellería de Educación	20/12/2022	45 equipos			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A05.2: Recibir equipamento e instalar.	Consellería de Educación	20/12/2022	45 equipos			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A05.3: Elaboración dun protocolo de uso	Coordinación TIC Departamento de Tecnoloxía	20/12/2022				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

“Área/s de mellora”: INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTO (C)						
6. OBXECTIVO:	Equipar con 30 portátiles e un armario de carga móbil as aulas de 1º e 2º Bacharelato que non poden ter Edixgal				Acadado	
RESPONSABLE:	Consellería de Educación				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de equipos á disposición do alumnado de Bacharelato.					
Valor de partida	0 portátiles postos á disposición do alumnado de Bacharelato, 0 armarios de carga,					
Valor previsto e data	30 portátiles postos á disposición do alumnado de Bacharelato, 0 armarios de carga.			20/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A06.1: Solicitar equipos	Consellería de Educación	20/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.2: Recibir e instalar equipos	Consellería de Educación	20/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.3: Elaborar un protocolo de uso	Coordinación TIC Departamento de Tecnoloxía	20/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO (D)							
7. OBXECTIVO:	Formar ao profesorado sobre dixitalización para mellorar a súa competencia.					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinación TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de microformacións realizadas ao longo do curso						
Valor de partida	5 microformacións realizadas durante o curso escolar 2021-22						
Valor previsto e data	Máis de 5 microformacións realizadas durante o curso escolar 2022-23				30/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A07.1: Realizar un Plan de Formación PFPP sobre mellora da competencia dixital	Coordinación TIC	30/6/2023			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A07.2: Realizar microformacións sobre dixitalización ao profesorado	Coordinación TIC	30/6/2023			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS (E)							
8. BXECTIVO:	Crear recursos dixitais para empregar na práctica docente na etapa de ESO					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinación PDC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de recursos creados polo profesorado participante no PFPP (Instrumento: Enquisa ao profesorado participante no PFPP)						
Valor de partida	Non aplica (sen datos previos)						
Valor previsto e data	5 recursos dixitais creados por departamento				30/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A08.1: Crear recursos dixitais adaptados á ESO	Profesorado Coordinación PDC	30/6/2023			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A08.2: Publicar na Aula Virtual recursos dixitais adaptados ao currículo da ESO	Profesorado Coordinación PDC	30/6/2023			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A08.3: Solicitar Edixgal para o curso 2022-2023	Dirección	30/6/2023			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS (E)							
9. OBXECTIVO:	Promover o uso da Aula Virtual do Centro por parte do alumnado					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinación TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades levadas a cabo co alumnado na AV do centro por docente implicado (Instrumento : Enquisa ao profesorado implicado)						
Valor de partida	Non aplica (sen datos previos)						
Valor previsto e data	5 actividades realizadas co alumnado na AV por departamento				30/6/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A09.1: Crear os cursos e matricular ao profesorado e alumnado na Aula Virtual do Centro	Coordinación TIC	30/12/2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A09.2: Publicar as actividades nos cursos correspondentes da AV do Centro	Profesorado Coordinación PDC	30/6/2023			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A09.3: Traballar o alumnado nas actividades creadas	Profesorado	30/6/2023			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS (E)							
10. OBXECTIVO:	Actualizar a páxina Web do instituto					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinación TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de bloques actualizados na páxina web (Instrumento: páxina web)						
Valor de partida	Non aplica (sen datos previos)						
Valor previsto e data	100% dos bloques actualizados da páxina web				30/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO10.1: Actualizar os contidos da páxina web do instituto	Coordinación PDC	30/12/2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO10.2: Publicar de forma periódica	Coordinación PDC	30/6/2023			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A010.3: Adxuntar fotos actualizadas do centro	Coordinación PDC	30/6/2023			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA (F)						
11. OBXECTIVO:	Adaptar actividades de aprendizaxes dixitais ás necesidades do alumnado de incorporación tardía				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinación PDC, Departamento de orientación				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades adaptadas por materia ao remate do mes de incorporación ao centro do alumnado (Instrumento de medida; enquisa ao profesorado das materias implicadas)					
Valor de partida	Non aplica (sen datos previos)					
Valor previsto e data	3 actividades adaptadas en toda as materias implicadas.			Un mes despois da incorporación do alumno/a		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO11.1: Convocar reunión do departamento de orientación para selección das competencias nas que se fará adaptación e as materias implicadas	Orientadora	Na semana de incorporación do alumno/a ao centro	Expediente do alumno/a		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO11.2: Convocar reunión do departamento de orientación co equipo docente para a selección de actividades ou contidos a adaptar.	Xefatura de Estudos	Semana seguinte á incorporación do alumno/a ao centro	Competencias seleccionadas na reunión anterior. Programación das materias.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A011.3: Adaptar os contidos ás necesidades	Profesorado responsable da materia	2 semanas despois da reunión previa A01,2	Software específico para a adaptación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A011.4: Implementar as adaptacións na aula virtual de cada materia	Profesorado responsable da materia	2 semanas despois da reunión previa A01,2	Contidos/actividades adaptadas creados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A011.5: Crear un Banco de Recursos	Profesorado responsable da materia. Departamento de Orientación	30/6/2023	Contidos/actividades adaptadas creados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN (G)							
12. OBXECTIVO:	Empregar os libros de cualificación en contornas Moodle (item B1)					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinación PDC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de cursos nos que se levou a cabo a cualificación de tarefas e probas de avaliación propostas a través da contorna Moodle (instrumento: cuestionario)						
Valor de partida	1% dos cursos da aula virtual						
Valor previsto e data	20% dos cursos da aula virtual				30/6/2023		
ACCÍONS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO12.1: Formar en avaliación e emprego do libro de cualificacións ao profesorado	Coordinación PDC	30/10/2022				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO12.2: Crear categorías e subcategorías para a xestión das cualificacións	Profesorado Coordinación PDC	30/12/2022	Aula virtual			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO12.3: Incluír tarefas e probas nas categorías e subcategorías do libro de cualificacións	Profesorado	30/12/2022	Aula virtual			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

A012.4: Cualificar tarefas e probas nas categorías e subcategorías do libro de cualificacións	Profesorado	30/12/2022	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO (H)							
13. OBXECTIVO:	Mellorar a formación dixital do alumnado (item: H7,H8,H10)					Acadado	
RESPONSABLE:	Departamento de Tecnoloxía					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de alumnos/as que foron á Aula de Informática (Instrumento: libro de uso da aula de informática)						
Valor de partida	Non aplica (sen datos previos)						
Valor previsto e data	O 50% do alumnado vai ás Aulas de Informática polo menos 1 vez á semana.				30/6/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO13.1: Realizar unha formación previa e inicial ao alumnado sobre uso da Aula de Informática, dos equipos e da Aula Virtual	Departamento de Tecnoloxía	30/9/2022	Aula Virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO13.2: Realizar microformacións específicas ao longo do curso ao alumnado	Departamento de Tecnoloxía	30/6/2023	Aula Virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

dos obxectivos).

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Expoñemos, a continuación, as necesidades de equipamento informático que precisamos no noso instituto:

- **Equipar con equipos novos as aulas de informática**

Destacamos que se fai moi difícil traballar nas Aulas de Informática co alumnado, practicamente todos os días hai incidencias de equipos que non funcionan, equipos que van moi lentos, hai programas de deseño que non se poden empregar porque os ordenadores se bloquean e un montón de problemas que ocorren cada día. O Equipo TIC leva todo o curso 2021-2022 resolvendo incidencias case a diario nas Aulas de Informática.

Todo isto debido a que a maioría dos equipos das 2 aulas de informática que temos (para máis de 600 alumnos) son equipos que teñen máis de 14 anos e están obsoletos.

Na Aula de Informática 1 hai 30 equipos que non foron cedidos pola Consellería de Educación, foron doazóns de Correos e de Bancos fai 14 anos que se foron a buscar a Madrid no seu momento.

Na Aula de Informática 2 hai 25 equipos dos que 16 foron aportados pola Consellería de Educación, o resto foron doazóns de Correos e Bancos de fai 14 anos.

Consideramos que os noso alumnos e as nosas alumnas merecen ter ordenadores novos cos que traballar en condicións aceptables e dignas e pedimos que por favor se doten as aulas de informática con equipos novos.

Precisaríamos 44 equipos

- **Equipar con 30 portátiles e un armario de carga móbil as aulas de 1º e 2º Bacharelato que non poden ter Edixgal**

Aínda que imos solicitar Edixgal para o curso 2022-2023 o alumnado de Bacharelato non forma parte deste programa, polo que precisaríamos poñer á disposición dos alumnos e alumnas **30 portátiles e un armario de carga móbil** para estes equipos.

Desta forma o alumnado de 1º e 2º Bacharelato disporía de portátiles que se poderían levar por todas as clases da primeira planta do Centro que é onde localizan as súas clases.

4 Avaliación do plan

Expoñemos a continuación a avaliación do Plan Dixital para o noso centro.

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5 Difusión do plan

Procederáse a difundir o Plan Dixital entre o profesorado nas diferentes reunións de Claustro que se farán ao longo do curso escolar.

O documento final deste Plan Dixital incluírase na páxina web do instituto: <http://www.iesxunqueira1.com/> para que poda ser consultado por calquera membro da comunidade educativa.